

Informe sobre as variacións dos Índices de prezos de consumo

Datos correspondentes a xaneiro de 2026


Data de publicación: 13/02/2026

Principais resultados

- En xaneiro de 2026, o índice xeral rexistrou un crecemento interanual do 1,9 % en Galicia.
- A taxa de variación mensual do índice foi do -0,4 %.
- A taxa interanual da inflación subxacente foi dun 2,1%.

Índice xeral e subxacente. Galicia

Unidade: Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE. Índices de precios de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>.

1. O IPC do mes de xaneiro de 2026

O IPC de Galicia aumentou o 1,9 % en taxa interanual, catro décimas menos que en España (2,3 %). Respecto a decembro, os prezos diminuíron o 0,4 % en Galicia e en España.

IPC xeral

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
Galicia	-0,4	-0,4	1,9
España	-0,4	-0,4	2,3

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de:

<https://www.ine.es/>.

A variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 2,1 %, cinco décimas menos que a nivel estatal (2,6 %).

2. Variacións intermensuais

En variación intermensuais, os grupos con maiores incrementos dos prezos en Galicia foron "Bebidas alcohólicas e tabaco" (2,5 %), "Información e comunicacións" (1,8 %) e "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (1,5 %).

En senso contrario, os grupos con maior baixada dos prezos foron "Vestido e calzado" (-13,8 %) e "Actividades recreativas, deporte e cultura" (-3 %).

Índice xeral e por grupos ECOICOP ver.2

Unidade: Taxa de variación mensual (%)

Grupo ECOICOP ver.2	Galicia	España
Índice xeral	-0,4	-0,4
Alimentos e bebidas non alcohólicas	0,6	0,6
Bebidas alcohólicas e tabaco	2,5	1,8
Vestido e calzado	-13,8	-13,1
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	1,5	0,9
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	-0,1	-0,3
Sanidade	0,6	0,3
Transporte	-1,0	-1,1
Información e comunicacións	1,8	1,5
Actividades recreativas, deporte e cultura	-3,0	-2,8
Ensino	0,0	0,0
Restaurantes e servizos de aloxamento	0,2	0,0
Seguros e servizos financeiros	1,3	1,2
Coidado persoal, protección social, e bens e servizos diversos	0,5	0,5

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

3. Variacións interanuais

En termos interanuais, os grupos con maior crecemento dos prezos son "Seguros e servizos financeiros" (5,2 %) e "Restaurantes e servizos de aloxamento" (4,6 %).

Pola contra, diminuíron os prezos en "Vestido e calzado" (-2,7 %), "Transporte" (-0,8 %) e "Información e comunicacións" (-0,1 %).

Índice xeral e por grupos ECOICOP ver.2

Unidade: Taxa de variación anual (%)

Grupo ECOICOP ver.2	Galicia	España
Índice xeral	1,9	2,3
Alimentos e bebidas non alcohólicas	3,0	3,0
Bebidas alcohólicas e tabaco	4,3	4,5
Vestido e calzado	-2,7	-1,9
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	2,4	2,7
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	0,7	0,8
Sanidade	2,3	2,2
Transporte	-0,8	-0,1
Información e comunicacións	-0,1	-0,1
Actividades recreativas, deporte e cultura	1,3	1,9
Ensino	2,7	2,6
Restaurantes e servizos de aloxamento	4,6	4,5
Seguros e servizos financeiros	5,2	4,7
Coidado persoal, protección social, e bens e servizos diversos	2,6	3,0

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

4. Información por provincias

En relación cos índices provinciais, a taxa de variación mensual dos prezos variou entre o -0,8 % de Lugo e o 0,3 % de Ourense.

En variación interanual, as taxas movéronse entre o 1,7 % de Lugo e o 2,6 % de Ourense.

IPC xeral por provincias

Unidade: Taxa de variación (%)

Provincia	Mensual	No que vai de ano	Anual
A Coruña	-0,4	-0,4	1,8
Lugo	-0,8	-0,8	1,7
Ourense	0,3	0,3	2,6
Pontevedra	-0,6	-0,6	1,9
Galicia	-0,4	-0,4	1,9

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

5. Información por comunidades e cidades autónomas

En todas as comunidades e cidades autónomas diminuíron os prezos respecto ao mes anterior. As maiores caídas rexistráronse en Principado de Asturias e A Rioxa (-0,7 %).

En termos de inflación interanual, todas as comunidades e cidades autónomas rexistraron taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en Comunidade de Madrid (3 %) e Ceuta (2,9 %).

IPC xeral nas comunidades e cidades autónomas

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
España	-0,4	-0,4	2,3
Andalucía	-0,4	-0,4	2,1
Aragón	-0,4	-0,4	2,3
Asturias (Principado de)	-0,7	-0,7	1,9
Baleares, Illas	-0,4	-0,4	2,4
Canarias	-0,6	-0,6	2,3
Cantabria	-0,3	-0,3	2,5
Castela e León	-0,5	-0,5	2,1
Castela-A Mancha	-0,4	-0,4	1,9
Cataluña	-0,4	-0,4	2,0
Comunidade Valenciana	-0,4	-0,4	2,5
Extremadura	-0,5	-0,5	2,3
Galicia	-0,4	-0,4	1,9
Madrid, Comunidade de	-0,5	-0,5	3,0
Murcia, Rexión de	-0,4	-0,4	1,9
Navarra, Comunidade Foral de	-0,6	-0,6	2,2
País Vasco	-0,5	-0,5	2,3
Rioxa, A	-0,7	-0,7	1,9
Ceuta	-0,3	-0,3	2,9
Melilla	-0,4	-0,4	2,4

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

6. Previsións

O valor previsto para a variación interanual do índice xeral de Galicia era do 2 % no mes de xaneiro de 2026, unha décima superior ao valor acadado polo índice. Na inflación subxacente, a predición (2,2 %) foi unha décima superior ao valor finalmente observado (2,1 %).

Avaliación das previsións do mes de xaneiro . Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual		Anual	
	Observada	Predición	Observada	Predición
Índice xeral	-0,4	-0,4	1,9	2,0
Inflación subxacente	-0,6	-0,5	2,1	2,2
Alimentos sen elaboración	0,7	0,7	7,9	7,9
Alimentos elaborados	1,0	0,7	1,2	1,0
Bens industriais sen produtos enerxéticos	-2,5	-2,4	0,5	0,6
Produtos enerxéticos	0,1	0,1	-3,3	-3,4
Servizos	-0,2	0,0	3,2	3,4

Fonte: IGE.

A predición para o mes de febreiro de 2026 do IPC xeral en Galicia é dunha taxa interanual do 1,9 %, unha décima inferior á rexistrada en xaneiro. A predición sobre o mes anterior é dunha taxa do 0,2 %.

Previsións para o mes de febreiro . Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual	Anual
Índice xeral	0,2	1,9
Inflación subxacente	0,3	2,2
Alimentos sen elaboración	0,2	7,6
Alimentos elaborados	0,3	1,6
Bens industriais sen produtos enerxéticos	-0,4	0,5
Produtos enerxéticos	-0,3	-4,1
Servizos	0,6	3,2

Fonte: IGE. Informe sobre as variacións dos índices de prezos de consumo ([descarga da táboa](#)).

7. Notas metodolóxicas

A predición do IPC xeral baséase na desagregación do mesmo en cinco compoñentes: alimentos non elaborados, alimentos elaborados, bens industriais sen produtos enerxéticos, produtos enerxéticos e servizos.

Para cada un dos compoñentes realízase unha modelización univariante, agás para os combustibles e carburantes (un dos compoñentes de produtos enerxéticos) onde se contrasta a súa evolución cos prezos do cru nos mercados internacionais e cos prezos dos combustibles e da electricidade a través de modelos BVAR.

Nos índices referidos ao mes de xaneiro de 2026 implántase a base 2025, na que se introduce a nova clasificación internacional de consumo, ECOICOP ver.2.